

IES FERNANDO WIRTZ SUÁREZ

PROXECTO EDUCATIVO

21/06/2022

Contenido

I	Contexto do centro	4
1.	Contorno do centro.....	4
2.	Breve historia	4
3.	Centros adscritos.....	4
4.	Familias. Alumnado	5
5.	Sinais de identidade	5
6.	Valores, principios e fins	6
II	Aspectos curriculares (autonomía pedagóxica)	7
1.	Aspectos xerais.....	7
1.1.	Criterios xerais de avaliación, promoción e titulación	7
1.2.	Tratamento dos elementos transversais e a educación en valores.....	7
1.3.	Liñas xerais de atención á diversidade.....	8
1.4.	Acreditación de coñecementos previos para materias de continuidade en Bacharelato	8
1.5.	Criterios para a concesión da matrícula de honra	8
1.6.	Aspectos xerais das programacións didácticas	9
1.7.	Medidas organizativas para os que non opten polas ensinanzas de relixión.	10
1.8.	Medidas organizativas para o alumnado exento de segunda lingua estranxeira...	10
1.9.	Dedicación das horas de libre disposición de centro	10
1.10.	Oferta de materias optativas e de libre disposición	11
1.11.	Procesos de reclamacións as cualificacións.	14
2.	Plans, programas e proxectos	14
2.1.	Proxecto lingüístico	14
2.2.	Plan lector	14
2.3.	Plan de biblioteca.....	14
2.4.	Plan xeral de atención á diversidade.....	14
2.5.	Plan específico para alumnado repetidor	14
2.6.	Plan de orientación e acción tutorial	14
2.7.	Proxecto de educación dixital	14
2.8.	Proxecto de promoción de estilos de vida saudables.....	14
III	Aspectos organizativos (autonomía organizativa)	15

1.	Plan de convivencia	15
2.	NOFC.....	15
IV	Aspectos de xestión (autonomía de xestión)	15
1.	Proxecto de xestión do recursos	15
1.1.	Proxecto de xestión de recursos humanos	15
1.2.	Proxecto de xestión dos recursos materiais	15
1.3.	Plan de captación de recursos complementarios	15
V	Reforma do proxecto educativo.....	15
VI	ANEXOS	15

I Contexto do centro

1. Contorno do centro

O IES Fernando Wirtz está situado dentro dun contexto urbano, nunha das vías de entrada a cidade moi próximo á estación de tren e a de autobuses. A súa situación estratéxica favorece a asistencia ao centro de alumnado non só da cidade, senón tamén das comarcas veciñas, especialmente na etapa de formación profesional.

O centro oferta as ensinanzas de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato (Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidades), Ciclos Formativos de Grao Medio e Superior (familias profesionais de Informática e Comunicacions e Administración e Xestión), e Formación Profesional Básica (Informática e Comunicacions), cunha matrícula próxima a 1.900 alumnas e alumnos e unha plantilla de 121 docentes.

Destacar a diversidade do alumnado, especialmente na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria, con alumnado procedente do estranxeiro, especialmente de países hispanoamericanos (Brasil, República Dominicana, Venezuela, Cuba) pero tamén de países asiáticos, europeos e de África.

2. Breve historia

A historia do IES Fernando Wirtz iníciase o 29 de setembro de 1929, naquel momento denominada "Escola de Traballo" para formar obreiros capacitados en oficios de mecánica, ferraxería, electricidade, albanelería, carpintería, conducción... que pasaría a chamarse "Escola de Mestría Industrial" ata 1970, que será o "Centro Nacional de Formación Profesional", "Instituto de Formación Profesional" e "Instituto de Educación Secundaria", denominación última á que se lle engade a de "Fernando Wirtz Suárez" en 1979, na memoria de quen asentou os alicerces destas ensinanzas na Coruña: enxeñeiro industrial director en 1932 da "Escola Elemental do Traballo" ata o 1948.

3. Centros adscritos

O noso centros adscrito de primaria é o CEIP Concepción Arenal co que se mantén unha moi boa relación, procurando traballar conxuntamente sobre todo no que se refire á recepción do seu alumnado provenientes de 6º de Primaria.

OUTROS CENTROS ADCRITOS.

Os centros CAD Liceo la Paz, CPR Afundación A Coruña, CPR Aula Nosa, CPR Cervantes, CPR Estudios Superiores en Administración e Finanzas, CPR Plurilingue Fogar de Santa Margarida, CPR Plurilingue KARBO, CPR Plurilingüe Liceo La Paz... manteñen relacións co noso instituto por diferentes motivos (exencións, convalidacións, certificacións académicas...)

4. Familias. Alumnado

Trátase polo tanto dun centro cun alumnado procedente de diversas orixes:

- Alumnado que accede á ESO dende o noso “centro adscrito” o CEIP Concepción Arenal principalmente, e outros do contorno.
- Alumnado que se incorpora ao Bacharelato dende outros centros.
- Alumnado que cursa Formación Profesional presencial e que procede de distintas poboacións e non só da nosa cidade.

A demanda de ensinanzas de ESO e Bacharelato semella equilibrada e a de FP é moi alta quedando polo xeral moito alumnado sen posibilidade de ser admitido.

Esta gran variedade de ensinanzas explica a gran heteroxeneidade de problemáticas e necesidades deste centro.

5. Sinais de identidade

A Comunidade Educativa do IES Fernando Wirtz Suárez pretende que o seu centro sexa aberto, respectuoso coa pluralidade e liberdade de conciencia individual, aconfesional, favorecedor da coeducación en sintonía coas familias e da integración; todo iso baixo un clima de convivencia democrática. Como integrantes dun Instituto de Ensino Secundario entendemos o ensino como servizo público, como factor compensador de desigualdades e como lugar de socialización e integración na Sociedade, cunha vocación de mellora constante da súa calidade.

O nosos obxectivos son entre outros:

- a) Crear no noso instituto un ambiente de traballo gratificante para todos.
- b) Garantir a comunicación e colaboración entre todos os sectores da Comunidade Educativa.
- c) Fomentar activamente no noso alumnado o desenvolvemento das súas capacidades intelectuais e a adquisición de coñecementos, axudándolles a desenvolver un hábito de lectura fronte a medios máis alienantes como a televisión e redes sociais.
- d) Fomentar o pleno desenvolvemento da personalidade do noso alumnado, axudándolles a aprender, razoar e tomar decisións por si mesmos.
- e) Formar ao noso alumnado no respecto polos dereitos humanos, valores éticos e liberdades.
- f) Evitar actitudes de rexeitamento ou discriminación por sexo, raza ou relixión, formar no compromiso solidario coa contorna e a colectividade desenvolvendo hábitos cívicos.
- g) Formar persoas capaces de resolver as súas discrepancias facendo uso da palabra e, por tanto, da reflexión e o pensamento, sen facer uso da violencia.
- h) Proxectar o instituto cara ao exterior, impulsando as relacións con outras entidades, institucións, etc.

- i) Garantir unha formación permanente actualizada aos membros da Comunidade Educativa.
- j) Traballar en equipo, respectando as achegas de todos e colaborando no desenvolvemento de ideas propias e alleas.

6. Valores, principios e fins

- a) Participación, Solidariedade e Xustiza
Potenciando no noso alumnado a participación activa, a colaboración solidaria, o respecto por outras formas de pensar e actuar e o rexeitamento de actitudes e ideas que supoñan discriminación cara a outros en situacións de inxustiza e desigualdade.
- b) Creatividade.
Traballando conxuntamente para que o noso alumnado adquira hábitos que lles fagan capaces de interpretar todo tipo de situacións, investigar rigorosamente deseñando distintas solucións, manifestar orixinalidade nas respostas e desenvolver a imaxinación creadora.
- c) Liberdade e Responsabilidade.
Traballando conxuntamente para que o noso alumnado adquira modos de vida saudable (para previr hábitos de drogodependencia, alcoholismo e tabaquismo), limpeza, esforzo, atención, elección libre e adecuada, compromiso e autocrítica.

Especificamente e en relación coa oferta de formación profesional:

- a) Formación axustada ás necesidades de mercado
O obxecto da formación impartida é facilitar unha formación axustada ás necesidades do mercado de traballo, que atenda aos requirimentos de competitividade das empresas, á vez que satisfaga as aspiracións de promoción profesional e desenvolvemento das persoas, capacitándoas para o acceso ao emprego.
Neste marco o centro dinamizará actuacións de FP Dual baixo a normativa vixente.
- d) Innovación
Co fin de mellorar as competencias profesionais do noso alumnado, participamos en programas e proxectos de innovación educativa.
- e) Emprendemento
Dotamos ao noso alumnado das capacidades profesionais de busca de recursos e emprendemento, para que poidan iniciar proxectos e desenvolver iniciativas, co obxectivo de xerar oportunidades laborais a través de novas ideas.
- f) Participación en programas internacionais

Os procesos de ensinanza e aprendizaxe incorporan unha dimensión internacional e intercultural, realizándose mobilidades de profesorado e alumnado a diferentes países da Unión Europea nos últimos cursos.

II Aspectos curriculares (autonomía pedagóxica)

1. Aspectos xerais

1.1. Criterios xerais de avaliación, promoción e titulación

Os criterios xerais de avaliación, promoción e titulación serán os recollidos na lexislación vixente, actualmente o establecido no:

- DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia
- DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.
- ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de formación profesional básica na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.
- Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia
- Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia

1.2. Tratamento dos elementos transversais e a educación en valores

Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022-2023.

A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional

traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

1.3. Liñas xerais de atención á diversidade

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo no Plan Xeral de Atención a Diversidade

1.4. Acreditación de coñecementos previos para materias de continuidade en Bacharelato

Para a acreditación dos coñecementos previos das materias de continuidade no Bacharelato realizarase un exame.

1.5. Criterios para a concesión da matrícula de honra

No **Bacharelato** regúlase a matrícula de honra na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 do seguinte modo:

Os alumnos e as alumnas que obtivesen no segundo curso de bacharelato unha nota media igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A dita mención concederáselle a un número de alumnado non superior ao 5% do total de alumnado deste curso

As directrices xerais dos criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado será a seguinte:

Concederase por orde de nota media de 2º de Bacharelato e, en caso de empate:

1. Nota media de 1º de Bacharelato.
2. Nota media das trocais de 2º Bacharelato.
3. Media das troncais de 1º de Bacharelato.
4. Sorteio da letra que efectúa a Xunta de Galicia para os desempates en diversos procedementos.

Na **Educación Secundaria Obrigatoria** regúlase a matrícula de honra na ORDE do 25 de xaneiro de 2022 do seguinte modo:

O alumnado que, despois da avaliación final do mes de xuño do cuarto curso, obtivese unha nota media da etapa igual ou superior a 9, poderá obter a distinción de matrícula de honra (MH). Esta distinción concederase a un número non superior ao 5 %, ou fracción resultante superior a quince do conxunto do alumnado matriculado no centro educativo no cuarto curso

As directrices xerais dos criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado será a seguinte:

Concederase por orde de nota media da etapa e, en caso de empate:

1. Nota media de terceiro.
2. Nota media de segundo.
3. Nota media de primeiro
4. Sorteio da letra que efectúa a Xunta de Galicia para os desempates en diversos procedementos.

Nos **Ciclos Formativos** regúlase a matrícula de honra na Orde do 12 de Xullo de 2011 do seguinte modo:

Os alumnos e as alumnas que obtivesen unha nota final do ciclo formativo igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación do alumno ou a alumna.

O número de matrículas de honra que se poderán conceder nun ciclo formativo nun curso académico será como máximo de dúas. No caso de que o número de alumnos e alumnas matriculados con opción a titular nun curso académico sexa inferior a vinte, só se poderá conceder unha matrícula de honra.

As directrices xerais dos criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado será a seguinte:

Concederase por orde de nota media do ciclo formativo e, en caso de empate:

1. Nota media dos módulos asociados a unidades de competencia da familia do ciclo formativo.
2. Sorteio da letra que efectúa a Xunta de Galicia para os desempates en diversos procedementos.

1.6. Aspectos xerais das programacións didácticas

As programacións didácticas elaboraranse coa aplicación corporativa que a consellería porá a disposición do profesorado.

1.7. Medidas organizativas para os que non opten polas ensinanzas de relixión.

ESO:

O alumnado de primeiro e terceiro curso de educación secundaria obrigatoria, ademais das áreas ou materias establecidas respectivamente nos artigos 6, 10.1 e 10.3 da Resolución do 26 de maio de 2022 resolución, cursará Relixión ou Proxecto Competencial, segundo a elección da nai, do pai, da persoa titora legal ou, de ser o caso, da alumna ou do alumno no caso de ser maior de idade.

No segundo e cuarto da ESO de entre as materias do bloque de materias específicas o alumnado terá que elixir en entre Relixión, ou Valores Éticos, segundo elección dos pais, das nais, dos/das titores/as legais ou, de ser o caso, dos alumnos ou das alumnas.

BACHARELATO

O alumnado do primeiro curso de bacharelato, ademais das materias establecidas no artigo 22 desta resolución, poderá cursar Relixión, segundo a elección da nai, do pai, da persoa titora legal ou, de ser o caso, da alumna ou do alumno no caso de ser maior de idade.

Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos que non cursen as ensinanzas de relixión reciban, de ser o caso, a debida atención educativa. Para tal finalidade, os centros docentes contarán cunha sesión lectiva de libre disposición.

No segundo curso de bacharelato as ensinanzas de relixión ofértanse como unha materia específica mais. No caso do noso Instituto nos itinerarios de oferta de materias permite que o alumnado poda elixir entre Relixión e Laboratorio de Inglés I no primeiro curso e entre Relixión e Laboratorio de Inglés II no segundo curso. (Ver a tabla de optatividade no apartado 1.13)

1.8. Medidas organizativas para o alumnado exento de segunda lingua estranxeira.

No centro non se adica tempo lectivo ao afondamento ou reforzo das materias troncais salvo no caso do reforzo por exención da segunda lingua estranxeira nos cursos 1º e 2º ESO nos que se adican as dúas horas semanais a reforzo en linguas.

1.9. Dedicación das horas de libre disposición de centro

En 1º da ESO, as 2 horas de libre disposición incrementará a carga lectiva das materias de matemáticas e Lingua Castelá.

En 2º da ESO a única materia de libre configuración autonómica que se imparte é Oratoria e tamén será cursada por todo o alumnado.

No segundo curso de bacharelato, no bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas poderán cursar a materia de Antropoloxía. E tamén ofértase unha materia de Libre configuración de centro denominada: Laboratorio de Inglés II.

1.10. Oferta de materias optativas e de libre disposición

De acordo co establecido no artigo 29 do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, na ESO a opcionalidade queda da seguinte:

PRIMEIRO CURSO.

- Non existen.

SEGUNDO CURSO.

Neste curso a única materia de libre configuración autonómica é Oratoria. Será cursada por todo o alumnado.

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias específicas seguintes

- Relixión ou Valores Éticos.
- Segunda lingua estranxeira: Francés.

TERCEIRO CURSO.

O alumnado optará entre as materias do bloque de materias optativas entre as seguintes:

- Unha materia a elixir entre: Segunda Lingua Estranxeira (Francés), Educación dixital e/ou Cultura Clásica.

CUARTO CURSO.

O alumnado optará entre as ensinanzas académicas e as ensinanzas aplicadas.

Nas ensinanzas académicas poderá elixir seguir a Sección Bilingüe en Inglés ou non. (As materias que seguen as seccións bilingües atópanse no Proxecto Lingüístico do Centro, adxunto a este documento)

Nas ensinanzas **académicas bilingües** cursará:

- Matemáticas académicas
- Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, Xeografía e Historia, Educación Física.
- Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Tecnoloxía
- Elixirá entre 2ª Lingua Estranxeira (Francés) TIC ou Educación Plástica y Visual
- Elixirá entre Relixión ou Valores Éticos

Nas ensinanzas **académicas NON bilingües** cursará:

- Matemáticas académicas
- Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, Xeografía e Historia, Educación Física.
- Elixirá una entre as seguintes dúas opcións:
 - Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Tecnoloxía
 - Economía, Latín e Filosofía
- Elixirá entre 2º Lingua Estranxeira (Francés), TIC ou Educación Plástica y Visual
- Elixirá entre Relixión ou Valores Éticos

Nas **ensinanzas aplicadas** cursará:

- Matemáticas aplicadas
- Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, Xeografía e Historia, Educación Física.
- Ciencias Aplicadas, Iniciación a actividade empresarial, Tecnoloxía
- Elixirá entre TIC ou Educación Plástica y Visual
- Elixirá entre Relixión ou Valores Éticos

BACHARELATO

De acordo co establecido na resolución do 22 de maio de 2022, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022 na Comunidade Autónoma de Galicia, o bacharelato estrutúrase en catro modalidades, dúas das cales son as que se imparten no centro, son as seguintes:

- Ciencias.
- Humanidades e Ciencias Sociais (Nesta modalidade o alumnado poderá optar por dous itinerarios: o de Humanidades ou o de Ciencias Sociais).

No 1º de bacharelato as ensinanzas estrutúranse en materias que, á súa vez, se organizan en troncais, toncais de opción e optativas.

No 2º de bacharelato as ensinanzas estrutúranse en materias que, á súa vez, se organizan en troncais, específicas e de libre configuración.

1º BACHARELATO

Elaboráronse os seguintes itinerarios para orientar ao alumnado na elección de materias. As materias que poderán elixir son as seguintes:

<input type="checkbox"/> 1º BACH.CIENCIAS: Lingua Galega, Lingua <u>Castelá</u> , Inglés, Filosofía, Educación F., Matemáticas I e <u>Física</u> e Q.	
ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> BIOLOXÍA E XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS <input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO I
ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) <input type="checkbox"/> CULTURA CIENTÍFICA <input type="checkbox"/> TIC <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA E INXENIERÍA I
ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> RELIXIÓN <input type="checkbox"/> ACTIVIDADES DE ESTUDIO
<input type="checkbox"/> 1º BACH.HUMANIDADES E CC.SS.: Filosofía, Lingua Galega, Lingua <u>Castelá</u> , <u>Inglés</u> , Educación F.	
ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> LATÍN I <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS AS CC.SS. I
ELIXIR UNHA FILA	<input type="checkbox"/> GREGO I + HISTORIA DO MUNDO C. <input type="checkbox"/> GREGO I + LIT.UNIVERSAL <input type="checkbox"/> ECONOMÍA + HISTORIA DO MUNDO C. <input type="checkbox"/> ECONOMÍA + LIT.UNIVERSAL
ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> 2ª <u>LINGUA ESTRANXEIRA</u> I (FRANCÉS) <input type="checkbox"/> LINGUAXE E PRÁCTICA MUSICAL <input type="checkbox"/> TIC <input type="checkbox"/> ANTROPOLOXÍA
ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> RELIXIÓN <input type="checkbox"/> ACTIVIDADES DE ESTUDIO

2º BACHARELATO

Elaboráronse os seguintes itinerarios para orientar ao alumnado na elección de materias. As materias que poderán elixir son as seguintes:

<input type="checkbox"/> 2º BACH.CIENCIAS: Matemáticas II, Física, Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, Historia de España		
TODOS	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> BIOLOXÍA <input type="checkbox"/> DEBUXO TÉCNICO II
	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> QUÍMICA <input type="checkbox"/> TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II <input type="checkbox"/> HISTORIA DA FILOSOFÍA
	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> TIC II <input type="checkbox"/> 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) <input type="checkbox"/> PSICOLOXÍA <input type="checkbox"/> XEOGR. E HISTORIA DE GALICIA *** (Obriga a escoller Relixión) <input type="checkbox"/> MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS *** (Obriga a escoller Relixión)
	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> RELIXIÓN <input type="checkbox"/> LABORATORIO DE INGLÉS II

<input type="checkbox"/> 2º BACH.HUMANIDADES: Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés, Historia de España, Historia da Filosofía		
TODOS	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> LATÍN II <input type="checkbox"/> MATEMÁTICAS APLICADAS AS CC.
	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> HISTORIA ARTE <input type="checkbox"/> ECONOMÍA DA EMPRESA
	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> XEOGRAFÍA <input type="checkbox"/> GREGO II
	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> TIC II <input type="checkbox"/> 2ª LINGUA ESTRANXEIRA (FRANCÉS) <input type="checkbox"/> PSICOLOXÍA <input type="checkbox"/> XEOGR. E HISTORIA DE GALICIA *** (Obriga a escoller Relixión) <input type="checkbox"/> MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS *** (Obriga a escoller Relixión)
	ELIXIR UNHA	<input type="checkbox"/> RELIXIÓN <input type="checkbox"/> LABORATORIO DE INGLÉS II

*** Os alumnos que desexen cursar alguna das materias de Libre Configuración Autonómica (marcadas con ***) obrigatoriamente teñen que completar as específicas con Relixión

No bloque de materias de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas poderán cursar a materia de Antropoloxía. E tamén ofértase unha materia de Libre configuración de centro denominada: Laboratorio de Inglés II.

1.11. Procesos de reclamacións as cualificacións.

O proceso formal de reclamación de cualificacións corresponde a cualificacións finais. En ESO e Bacharelato estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula dito dereito

Nas sesións de avaliación finais do alumnado de ESO e Bacharelato, aplicarase a seguinte normativa, actualmente vixente, para a súa aplicación ao respecto da avaliación, promoción, titulación e procedemento a seguir nas reclamacións das cualificacións finais:

Avaliación e promoción do alumnado

ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

2. Plans, programas e proxectos

2.1. Proxecto lingüístico

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

2.2. Plan lector

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

2.3. Plan de biblioteca

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

2.4. Plan xeral de atención á diversidade

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

2.5. Plan específico para alumnado repetidor

O Plan específico para o alumnado repetidor aparece contemplado nas programacións realizadas por cada un dos departamentos educativos

2.6. Plan de orientación e acción tutorial

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

2.7. Proxecto de educación dixital

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

2.8. Proxecto de promoción de estilos de vida saudables

Dende o centro se impulsa e promove a práctica diaria de deporte e exercicio físico por parte dos alumnos e das alumnas durante a xornada escolar, en relación coa promoción dunha vida activa, saudable e autónoma.

As medidas que promove o centro son a organización durante todo o curso escolar nos recreos e os venres pola tarde de actividades deportivas para todo o alumnado.

A participación nestas actividades é voluntaria e os monitores das mesmas é o profesorado do Departamento de Educación Física acompañado por alumnado voluntario de Bacharelato.

III Aspectos organizativos (autonomía organizativa)

1. Plan de convivencia

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

2. NOFC

Achégase nos anexos deste Proxecto Educativo

IV Aspectos de xestión (autonomía de xestión)

1. Proxecto de xestión do recursos

1.1. Proxecto de xestión de recursos humanos

A xestión dos RRHH do centro atópase centralizada na Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

1.2. Proxecto de xestión dos recursos materiais

Pendente da súa elaboración actualizada.

1.3. Plan de captación de recursos complementarios

Neste centro non hai recursos complementarios.

V Reforma do proxecto educativo

As propostas de modificación do Proxecto Educativo, e dos documentos que del dependen, serán presentadas polos distintos sectores da comunidade educativa (profesorado e equipo directivo, alumnado, persoal de administración e servizos e nais e pais), dentro dos seus ámbitos de competencia, para debate e aprobación nos seus órganos.

Corresponde á Directora/Director do centro a aprobación final das modificacións propostas unha vez oídos o Claustro e o Consello Escolar. As modificacións serán publicadas na web do centro

VI ANEXOS